

a mocidade
na loita obreira



fortalecer o
nacionalismo popular



a Liga: impulsando
o movemento estudiantil



entrevista
con Raquel Vázquez



Venezuela:
hai outro camiño



combater

pola independencia
e o socialismo

nº6

editorial

Cada vez con máis razóns, desde Isca! seguimos a defender con clariza a nosa vía de saída da miseria capitalista que cada vez ataca con más forza o noso pobo. Pensamos que esa saída, a nosa alternativa independentista e revolucionaria, está más vixente que nunca, frente a un Estado español e un sistema capitalista que non teñen ningún futuro que ofertarlle á mocidade deste país. Porque sabemos que só con soberanía real teremos capacidade para construírmos un futuro socialista que devolva a esperanza a quen día a día ve como degradan as súas condicións de vida.

É por iso que se fai más necesario que nunca concienciar e organizar a mocidade para botar abaxo este sistema e construir un futuro digno para a nosa clase e o noso pobo. Este novo número do noso voceiro nacional pretende axudar nese camiño.

Le e difunde!

contra o
seu sistema:

conquistar a
independencia
construir o
socialismo



implicar a mocidade na loita obreira o futuro gáñase loitando!

O 29 de marzo, na folga xeral impulsada pola CIG e á que adhíeron o resto de centrais sindicais, a mocidade organizada en Isca! estivo nas rúas: tanto nunha activa campaña previa de propaganda como nos piquetes e nas manifestacións, a nosa militancia fixo ouvir a voz da xuventude rebelde que sabe que só loitando pode garantirse un futuro digno lonxe deste sistema que nos condena ao desemprego, á precariedade e á miseria en xeral.

Igualmente, tivemos un papel activo no resto de mobilizacións obreiras que, tanto en datas sinaladas (10 de marzo, 1º de maio), como para dar resposta organizada aos ataques do goberno (reforma laboral, recortes, rescate bancario, etc.) inzarón o país durante os últimos meses de manifestacións, concentracións ou ocupacións de entidades bancarias. Especialmente potente foi a recente mobilización do 19 de xullo, con centos de miles de persoas nas rúas galegas que evidencian un aumento da contestación social que debemos acelerar.

A necesaria folga xeral á volta do verán volverá ser un novo asalto nun combate que ten que ir máis alá das medidas concretas que os gobernos do capital (PP/PSOE) están aprobando, senón que debe ir ao cerne do problema e cuestionar de raíz as causas de todo o que está a pasar.

Estamos a xogarnos o futuro, e nas batallas defensivas de hoxe estase a decidir se mañá poderemos pasar ao ataque contra un sistema económico e social que nos escraviza e no que nunca poderemos realizarnos plenamente nin ser donas e donos do noso destino.

Para iso, implicar a mocidade cada vez máis na mobilización obreira é indispesable, da man do sindicalismo combativo, nacional e de clase que representa a CIG e que é hoxe por hoxe a mellor ferramenta que a nosa clase ten para enfrentar uns tempos duros que, porén, poden marcar un punto de inflexión na nosa historia para comezar a construír un futuro diferente. ●



Unidade pola soberanía e o cambio social: fortalecer o nacionalismo popular!

O panorama actual do nacionalismo galego preséntase como o más convulso dos últimos anos. Unha situación de confusión á que certamente contribuíron de xeito consciente boa parte dos seus protagonistas, utilizando os medios de comunicación do sistema como altoparlante das súas mensaxes e prestándose a seren usados como argumento para desprestixiar o movemento nacionalista no seu conxunto e o BNG en particular. Unha estratexia medida e calculada que pretendeu mostrar unha desbandada no seo da fronte patriótica que non foi real, e na que todo aquel que pretendía atacar publicamente as súas siglas gozou de amplio espazo en xornais, televisión ou radio.

Para nós, ademais de outros motivos de tipo orgánico ou personalista que non imos obviar e dun ambiente interno moi degradado, houbo fundamentalmente razóns político-ideolóxicas de fondo que foron fundamentais nestes acontecementos: a tensión entre quen pretendían culminar o proceso de domesticación do nacionalismo galego comezado xa na década dos 90 e a de quen, coma nós, pretende facer do nacionalismo popular representado polo BNG unha ferramenta de confrontación co sistema dominante.

A militancia organizada en Isca! e no Movemento Galego ao Socialismo (MGS), participamos no proceso asemblear do BNG cunha postura crítica, como sempre o fixemos, defendendo que a fronte se situase novamente e sen complexos en parámetrosnidamente soberanistas e de esquerda, progresivamente diluídos desde anos atrás. Fixémolo, iso si, nas canles exclusivamente internas, sen gardarnos para nós unha soa proposta ou crítica mais sen darlle nunca munición ao inimigo. Pensamos que o noso papel na Asemblea Nacional do BNG foi positivo pois a nosa actuación serviu para axudar a resituar a organización en coordenadas ideolóxicas claramente definidas, o que axudou a que nestes meses o nacionalismo poda volver presentarse como alternativa críbel.

Desde a propia Asemblea Nacional, porén, o espectáculo continuou. Un calculado goteo de baixas e postas en escena públicas que deu lugar a extrañas alianzas, rupturas e descomposicións. Un proceso onde puidemos observar desde a reciclaxe de militancia rebotada do PP ou do PSOE, até a posta en cuestión do principio de autoorganización - defendendo pactos e mesmo confluencias orgánicas con sucursais de organizacións españolas-, pasando polo desnorte más absoluto en cuestións elementais. Sorprende ver certos vicios criticados no BNG -moitas veces non se razón-, agora multiplicados fóra del, de xeito moito más evidente.

Non seremos precisamente nós, que nacemos en 2006 como reacción interna á deriva que naquel momento sufría o BNG (tanto no político-ideolóxico como no organizativo), quen afirmemos que a fronte non ten carencias ou que toda a súa dexeneración de anos atrás foi superada. Non é así, mais pensamos que o proceso de recuperación do seu papel histórico está xa iniciado e que é un deber para a militancia revolucionaria o de aceleralo.

Pola nosa banda seguimos acreditando, hoxe máis que nunca, na vixencia da alternativa frontista que o BNG representa. Por responsabilidade e por coherencia, pensamos que é imprescindible para o noso pobo unha organización unitaria que, desde os irrenunciábeis mínimos do



soberanismo e esquerda real, dea resposta política aos sectores más conscientes da sociedade, que están a sair á rúa contra os ataques do capital. O BNG segue a ser, contudo e con moita diferenza, a principal organización do campo nacionalista, a reforzalo desde unhas coordenadas ideolóxicas coerentes é para nós unha prioridade.

Aliás, sabemos que as organizacións políticas de esquerda perden a credibilidade social máis fácil do que a gañan, e é por iso que o BNG ten unha dura tarefa se quere resituirse, como xa está a facer, como alternativa clara en defensa dos sectores oprimidos e por un horizonte dunha Galiza libre e sen explotación. A nosa contribución será a de axudar a recuperar esa credibilidade, fortalecer a unidade do nacionalismo popular e traballar por incorporar no seu seo os sectores más activos da mocidade revolucionaria.

Facemos esta aposta con máis convencemento áinda desde a mudanza estratégica aprobada na asemblea de Amio, que para nós marca un punto de inflexión -de partida e non de chegada-, no camiño de recuperar plenamente o papel dunha fronte patriótica plural, asemblearia, democrática e mobilizadora, que actúe socialmente e que defende sen complexos a alternativa soberanista e de transformación social que é hoxe unha necesidade para o noso pobo, para avanzarmos no camiño dunha República Galega ao servizo das clases populares. ●

**seguimos
acreditando, hoxe
máis que nunca,
na vixencia da
alternativa
frontista que o
BNG representa**

a Liga Estudantil, a ferramenta para impulsar o movemento estudantil galego

Hai pouco máis dun ano constituíase en Compostela a Liga Estudantil Galega. Nacía un obxectivo claro: tentar organizar o estudiantado galego en clave nacionalista e de esquerdas, horizontal e participativa, en torno a un discurso claro e unha praxe necesariamente combativa, que permitira dar unha resposta contundente á situación que hoxe vive o ensino público.

En base a estes eixos a Liga comezou a actuar nos diferentes ámbitos do ensino no noso país, artellando campañas e mobilizacións, traballando nos centros, representando o alumnado e defendendo os seus dereitos nas institucións universitarias, denunciando os recortes, saíndo á rúa, procurando afondar na formación dos mozos e mozas, defendendo a nosa lingua e a nosa cultura e, en definitiva, organizando o estudiantado combativo na defensa dun ensino público, galego, democrático, de calidade e non patriarcal.

A situación neste último ano foi complexa: os constantes ataques dos gobernos, tanto do PSOE como do PP contra o ensino público que se concretan desde o aumento do ratio de alumnos por aula, a reducción nas docentes, a supresión de transporte e comedores en infantil e primaria até a subida brutal das taxas para a segunda e sucesivas matrículas xunto coa redución de máis dun 20% dos orzamentos do Ministerio de Educación e Ciencia, dun 10% as partidas de bolsas do MEC ou un 35% as de investigación. Contra isto fíxose necesaria unha dinámica de constante axitación entre o estudiantado, que posibilitou a necesaria resposta. Unha resposta que, malia que tardía, concretouse nas mobilizacións que se levaron a cabo o 10 de maio e onde o nacionalismo respondeu de xeito unitario baixo o amparo da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público.

Especialmente relevante foi o papel da Liga na folga xeral do 29 de marzo, mobilizando un grande número de estudiantes tanto nos piquetes como nas mobilizacións, froito dunha importante campaña previa de axitación que tivo como plato forte a convocatoria dunha xornada de loita estudantil o 22 de marzo en varias cidades e vilas.

Como medida de resposta paralela á mobilización na rúa e á axitación nas aulas, no último trimestre académico organi-

záronse diversos peches nos campus de Ourense, Vigo, A Coruña e Compostela sendo, este último, o más dilatado no tempo. A resposta do estudiantado foi desigual dependendo dos casos mais si serviu, polo menos, para demostrar que si existen maneiras más ou menos directas de protestar contra a situación actual. Tanto é así que foi a propia policía quen irrumpiu con violencia no peche ourensán para desaloxalo pola força deixando persoas contusionadas e mobiliario roto.

Unha das principais loitas que afrontou a Liga durante este curso académico foi a artellada contra a Normativa de Permanencia da USC, finalmente aprobada e en vigor desde esta semana, malia a oposición frontal do estudiantado e da meirande parte da comunidade universitaria. Esta normativa marca un punto de inflexión, e traza o camiño a percorrer polas restantes universidades galegas. Así, cada vez son más as trabas para cursar estudos superiores, tanto académicas como económicas, afondándose na elitización xa iniciada co Proceso de Boloña, tamén combatido polo estudiantado.

Mais debemos de ser conscientes de que aínda fica moito por diante. Se botamos man á folla de ruta aprobada polo goberno de Zapatero para a Universidade do estado español, a que viría a ser a segunda parte do chamado Plan de Boloña que leva por nome Estratexia Universidade 2015, dámónos conta da gravidade das medidas que aínda están por chegar e que co novo goberno do Partido Popular non poden senón acelerar a aplicación das mesmas. Unha universidade gobernada por órganos non escollidos pola comunidade universitaria, cuxos reitores sexan os oligarcas (banqueiros, grandes empresarios...), condenadas a competir entre si para conseguir fondos e se non estar condenadas ao peche. Ese é o futuro próximo da universidade galega se a presión e a mobilización non o consegue revertir.

Por iso, hoxe más que nunca é fundamental que o estudiantado sexa consciente da importancia de organizarse para artellar unha resposta forte e decidida. O discurso contestario debe acompañarse dunha práctica igualmente combativa, e só da organización das e dos estudiantes pode xurdir esa resposta que deteña a ofensiva neoliberal contra o ensino público. ●



Mais retrocessos nos direitos das mulheres

De Isca!, queremos manifestar a alarme e indignação ante o retrocesso brutal que para a ciudadanía e especialmente para nós, as mulheres, estão a supor as políticas de recortes aplicadas polo goberno español sob o pretexto da crise económica.

A reforma laboral, os recortes em educación e sanidade ou os recortes na lei de dependencia, traduzem-se de facto numha perda de direitos que afetam especialmente as mulheres tanto como trabalhadoras, como usuárias e como responsáveis principais dos coidados aos familiares dependentes. Para muitas mulheres isto significa umha volta forçosa ao ámbito familiar para realizar umhas tarefas que, ainda que dum jeito mui precário, vinham sendo assumidas em parte polos servícos públicos. Umha responsabilidade esta que como dizíamos é assumida dum jeito forçoso polas mulheres e que, ademais, com esta reforma, deixará de cotizar na seguridade social. Aliás, muitas verán-se na obriga de terem de solicitar umha ajuda para cuidar das familiares dependentes, o que obstaculizará que podam completar períodos cotizados e polo tanto dificultará a solicitude de pensons no futuro.

Nesta linha, o Partido Popular vem de aprovar o Plano para a dinamizaçom demográfica da Galiza que nascia com a intençom de abordar a deriva demográfica que converte o noso país num dos territórios más envelhecidos. Mas como vem sendo habitual, tudo quedou numha declaraçom de intençons e a análise dos técnicos da Conselharía de Traballo ademais de evita falar das especificidades da situación da Galiza que se distingue e agrava a respeito doutras sociedades europeias, de nom afondar nas comparativas de evoluçom históricas con essas sociedades, centra-se apenas na evoluçom vegetativa da populaçom esquecendo por exemplo o desequilibrio migratório. Por se nom for avondo, o diagnóstico responsabiliza a mulher do bem-estar da familia, enfatizando a sua función reprodutiva e vinculando a variável demográfica para justificar políticas retrógradas que relacionam a incorporaçom das mulheres ao mundo laboral com o decrescimento da populaçom. Segundo esta vissom, nós, as mulheres, estamos na obriga de reverter esta situación abandonando o mundo profissional para adicarnos à natalidade.

O conjunto destas medidas em contra do bem-estar do povo que incidem nas mulheres dum jeito particular, respondem a ideologías neoliberais combinadas com o catolicismo mais



conservador e fundamentalista que o Partido Popular comulga. De Isca! rejeitamos este tipo de medidas por considerá-las, além de inúteis para o fim que dim perseguir, um ataque aos nossos direitos reprodutivos. Demandamos politicas que sustentem a decisom das mulheres que livre e conscientemente optem pola maternidade e polo coidado de familiares, mas também para as que nom. A sanidade pública deve garantir a liberdade das mulheres a decidrem sobre o nosso corpo e nesse sentido cumpre reivindicar a necessidade de que este sistema de saúde público garanta o aborto de jeito libre e gratuito. A via que consideramos útil é a de trabalhar em políticas de emprego e vivenda para a mocidade, a de legislar com vistas à conciliaçom que permitam reorganizar o trabalho, na criaçom dun espaço socio-sanitário que ajude as familias no coidado de maiores e que apoie a criança desde umha perspectiva de género, evitando carregar nas mulheres a totalidade destas tarefas mediante a corresponsabilidade das mesmas; sem esquecer tampouco o apoio às familias monoparentais.

En definitiva, estas medidas do PP constitúem um novo ataque aos direitos fundamentais e reprodutivos das mulheres. Demandamos, e demandaremos sempre, avanços nas medidas sociais que reforcem a própria lei de dependencia, mais necessária se cabe no contexto de crise actual e reivindicamos umha Galiza com futuro onde as mulheres sejamos donas do nosso destino. ●

Nova web de Isca!

Recentemente vimos de publicar a nova web da nossa organizaçom. Com renovado desenho e maior ritmo de atualizaçom, figemos um esforço para, ademais de manter os centos de comunicados, artigos, crónicas, e convocatórias editados até o momento, publicar e organizar todo o nosso arquivo de imagens, propaganda, campanhas e publicações, nomeadamente o nosso vozeiro e a nossa folla agitativa.

Visita-nos em www.iscagz.org



Entrevista a Raquel Vázquez

delegada sindical da CIG na empresa de telemárketing Unísono

Co fin de achegarnos en primeira persoa á realidade laboral da mocidade nun sector precarizado, o do telemárketing, falamos con Raquel Vázquez, delegada sindical da CIG nunha das principais empresas do sector en Vigo, que nos fala tamén do traballo sindical que levan a cabo.

O sector do telemarketing é un dos máis precarizados, e cunha importante presenza de traballadoras/es mozas/os. Podes explicarnos un pouco cal é a realidade laboral do voso sector e da vosa empresa en particular?

Trátase dun sector moi inestábel, mal pagado e abafante. É un sector, ademais, marcadamente explotador, posto que o custe dos medios de producción e do seu mantemento son moi baixos. O que aforran nisto, evidentemente non vai parar aos petos dos traballadores e traballadoras.

O Telemárketing é un dos poucos sectores que asinaron Convenio este ano, o que xa bota algo de luz para analizarmos as condicións do mesmo. CCOO, UGT e a Patronal pactaron unha miserenta suba salarial do 0,5%, cando a media en Galiza nos Convenios asinados é do 1,52%.

Ademais do mencionado, estamos sometidos a unha grande presión: temos que cumplir determinados obxectivos, ás veces inasumibles. Unha das cousas que máis lle sorprende á xente que non está vinculada co sector é que temos un tempo de duración máximo na chamada, que dependendo do servizo que prestemos pode ir dos 3 aos 9 minutos. Como podedes supoñer, en caso de que non se cumpran os obxectivos, a empresa pode tomar represalias e optar polo despido.

Como lle afectan as últimas reformas laborais ao voso sector?

As reformas laborais supoñen un retroceso gravísimo nas condicións laborais de todos/as os/as traballadores/as, na medida en que se reformula por completo o Estatuto dos Traballadores, que é o documento laboral básico. Báixanse indemnizacións, favorécese o despido, aumentanxe as bonificacións a empresas, etc.

Concretamente no noso sector observamos que o Convenio que nos traen de Madrid é unha completa adaptación á Reforma Laboral e ao pacto de contención salarial que asinan CCOO, UGT e Patronal. Ademais de non descartarse os Convenios de empresa, con condicións áinda peores que as actuais, facilitase en grande medida o descolgue (deixar de aplicar as condicións asinadas).

Que supón para Galiza o sector do telemárketing?

Se falamos en números: 5.889 postos de traballo. Esta é a cifra media anual que dá a Patronal no ano 2011. Se queremos establecer unha comparativa, Galiza está no terceiro posto dentro do Estado Español, bastante abaixo de Andalucía (9.993) e a moita distancia de Madrid (19.095). Poderían ser moitos máis se os galegos e galegas demandaramos atención telefónica na nosa lingua.



Raquel Vázquez intervindo ao remate da mobilización da CIG o 10 de marzo, Día da Clase Obrera Galega, en Vigo

Cales son os atrancos laborais e sindicais más frecuentes aos que vos enfrentades?

A inestabilidade do posto de traballo, sen dúbida. O que máis teme un delegado/a sindical é que se vaia unha campaña, porque supón perder moitos postos de traballo e porque temos poucos mecanismos legais para evitalo. Normalmente, se vén outra campaña é reposta por persoal diferente (o que implica a nivel sindical, comenzar de novo: é complexo recuperar conciencias sobre todo coa imperante contaminación mediática).

Aínda que nos digan que é un sector moi demandado por aquelas persoas que buscan algo temporal ou estacional, a realidade da nosa empresa dinos que a porcentaxe de baixas voluntarias (autodespidos) é ridícula comparándoa cos despidos empresariais.

Se non conseguimos que o Telemárketing sexa visibilizado como unha alternativa laboral válida é precisamente por culpa desta inestabilidade, provocada en grande medida pola deslocalización. A natureza do Telmárketing, que se podería considerar o paradigma empresarial do capitalismo, é obter os máximos beneficios co menor investimento. Isto lógrano polo pouco gasto que ocasionan os medios de producción pero tamén polo abaratamento do prezo do traballo. Por iso, unha das actividades empresariais más frecuentes para incrementar os seus beneficios é a deslocalización, aproveitándose dos países máis desfavorecidos. Isto non é algo que só afecte ao noso sector, é unha característica da división internacional do traballo que marca o capital. Así, Citröen, por exemplo, está en Vigo porque as nosas condicións son peores que en Francia onde, por certo, é obrigatorio sindicarse.

Cal é o labor que desempeña a sección sindical da CIG na empresa?

As características do sector impiden que o noso traballo trascenda todo o que desexamos. Ademais do que xa comentei, a súa propia natureza dificulta o traballo sindical:

Os mozos e mozas deberíamos exercer un papel moi máis activo para loitar contra as agresións do capital. A mellor maneira de facelo unha vez que entrámos no mercado laboral é sindicándonos.

>>

o feito de que traballemos nunha empresa moi grande, distribuída en dúas quendas, dedicada a falar todo o tempo por teléfono fai complicada a comunicación.

Aínda así, a nosa sección é a maioritaria dentro do Comité de Empresa. O noso propósito é traballar activamente na defensa e mellora dos dereitos laborais e ao mesmo tempo, contribuír ao crecemento da conciencia de clase. É preciso que os compañeiros/as se percaten de que precisamos organizarnos e mobilizarnos se queremos transformar a realidade e construir un sistema económico e social ao noso servizo.

Cal pensas que debe ser o papel da mocidade na resposta sindical?

Os mozos e mozas deberíamos exercer un papel moito máis activo para loitar contra as agresións que na actualidade se están levando a cabo por parte do capital. A mellor maneira de facelo unha vez que entramos no mercado laboral é sindicándonos. É esencial que percibamos o sindicato como un ámbito onde poidamos participar activamente, onde exista o debate, o traballo e a solidariedade. A nosa sección intenta operar seguindo estes parámetros, aínda que os resultados non sexan sempre acordes ás expectativas. Sabemos, non obstante, que o proceso de acumulación de forzas é custoso. Actualmente estamos nun momento no que

se palpa un descontento social crecente. Tamén dependerá do noso traballo como sindicalistas canalizar ese descontento.

En que está traballando agora a Sección? Cales son os vosos plans de futuro?

Actualmente estamos litixiando coa Empresa por varios motivos. Por un lado estamos loitando contra a implantación duns plans de calidade totalmente abusivos que teñen unha única finalidade: dificultar que os/as axentes acaden a nota esixida pola compañía para que esta poida prescindir deles de xeito gratuíto cando así o desexen. Por outro lado, non imos parar ata lograr a readmisión de dúas compañeiras que foron inxustamente despedidas, por presentar ante Recursos Humanos un escrito esixindo o cesamento do acoso por parte da súa Supervisora.

Por suposto tamén está nas nosas miras unha folga xeral que levamos desexando moito tempo e que consideramos máis necesaria ca nunca.

Se nos referimos a longo prazo gustaríamos que o Telemárketing mude o nome e a natureza nunha sorte de Teleasistencia que realmente estivese ao servizo do pobo. Claro está que para que iso aconteza, é necesario mudar o sistema económico actual. ●

Encontros formativos de Isca. Aprender para loitar

A formacón joga un papel indispensábel dentro dumha organizaçom juvenil revolucionaria. Com formacón, a militancia adquire a capacidade teórica que lhe permite enfrentar-se ás tarefas do ativismo diario dumha forma consciente e ativa.

Nesta direçom, e com o fim de dar começo a uma série de jornadas formativas que favorecessem a aprendizagem e a formacón marxista da nossa militancia, o 13 de maio tivo lugar em Compostela o nosso **primeiro Encontro Nacional de Formacón** dirigido a toda a militancia e simpatizantes de Isca!. Através da posta en común de conhecimentos, ideias e problemáticas específicas que a mocidade galega tem, este primeiro encontro centrou-se em abordar o significado e implicacóns que tem para nós a militancia revolucionaria, assim como a nossa forma de entender determinados conceitos ligados ao funcionamento interno e ao modelo organizativo que umha organizaçom juvenil como a nossa, comprometida con a libertacón nacional e o socialismo, deve pôr en práctica.

A experiencia formativa e de debate foi valorada mui positivamente, tanto polo número de participantes como polo construtivo do debate. E para lhe dar continuidade a estas actividades de formacón interna, o 17 de maio foi convocado o **segundo Encontro Nacional de Formacón**, no que nos introduzimos no pensamento marxista e nalguns dos conceitos básicos para a analise e transformacón revolucionaria da sociedade. Foi o segundo dos encontros que a nível nacional se levárom a cabo, dando pé á realizacón de outros encontros a nível comarcal como o organizado polas companheiras da comarca de Ourense o pasado 17 de julho.

A nosa tarefa como militantes comunistas de adquirirmos o conocimento preciso para detetar e combater as mentiras das que o sistema capitalista se vale para legitimarse, mais que umha alternativa, apresenta-se hoje como umha necesidade. Se queremos ser quem de transformar a nosa realidade temos que conhecer os instrumentos teóricos básicos para comprender o proceso de mudança social e formular as caraterísticas



que a sociedade que queremos construir deve ter. E num contexto como o atual de contaminaçom mediática, onde o acto de pensar dum jeito alternativo ao ditado polo sistema pode considerar-se mesmo un atrevimiento, é de vital importancia artelhar espacos comuns de pensamento e debate que contribuan a formacón teórica das militantes comunistas.

É a nosa intención contribuir na criaçom destes espacos de pensamento ja que acreditamos no valor da formacón e da pedagogía como umhas das ferramentas más úteis para acadarmos o nosso objectivo, o dumha Galiza ceive e socialista. ●

Contra a vaga españolista

A nosa é a galega!

Durante as pasadas semanas asistimos á proliferación de simboloxía española por toda a xeografía da Galiza, sen importar nucleos rurais, vilas, cidades. En moitos casos, o apegoamento aos éxitos deportivos amósase como unha sorte de reacción optimista perante a situación de inestabilidade social e económica que sofre o país; como se os problemas reais do día a día desaparecesen por levar a *rojigualda* pintada nas fazulas.

O monopolio que o balompé exerce como espectáculo circense eclipsa a grande diversidade de disciplinas deportivas que existen e son practicadas (nalgúns casos até de xeito militante) no noso país. É empregado como catalizador populista e actúa como punta de lanza da estratexia do Estado Español para limitar de xeito plenamente consciente as respuestas do pobo aos ataques do capital até o punto de

que ningúén parece indignarse cando os futbolistas gañadores da Eurocopa cobran millóns de euros a conta do erario público sen nin sequera cotizalos aquí (por non falar dos 752 millóns de euros que deben os equipos de fútbol á Facenda pública ou os 600 millóns que lle deben á Seguridade Social).

**o apegoamento
aos éxitos
deportivos
amósase como
unha sorte de
reacción optimista
perante a
situación de
inestabilidade
social e
económica**

Estes períodos cíclicos que nos toca sufrir de efervescencia españolista son aproveitados por elementos franquistas para tiraren a caraute e amosaren a súa simboloxía para, coa escusa do éxito de España en campionatos internacionais de balompé, faceren apoloxía descarada de corenta anos de asoballamento e ausencia de liberdades (bandeiras franquistas en fiestras, prazas, celebracións, etc.). Ao mesmo tempo que se incorre en situacións inxustas se comparamos como o feito de que para

calquera manifestación contra o sistema haxa que atravesar un cento de trámites e trabas mentres que para ocupar prazas, rotondas, fontes e demais espazos públicos co fin de amosarse *español, español, español* non haxa máis que facelo, sen consecuencia ningunha. Se a isto lle sumamos que xa é habitual que os gobernos municipais galegos instalen ecráns xigantes para a visualización dos partidos da selección española (só os da española e só os de fútbol, porque o que importa non é o deporte senón que é fútbol e é España quen xoga) atopámonos como un feito normal a asunción como propia da simboloxía españolista por parte de milleiros de galegas e galegos.

No entanto, este “fervor” patriótico tamén esperta reaccións conscientes por parte de quen nos sentimos violentados ante o despregar españolista. Así, ao longo do país adiante xorden actos contestatarios como a retirada e/ou destrucción da simboloxía española ou as orixinais iniciativas de “Canha contra Espanha” de Siareiras Galegas ou o “Roja en el Colacao” impulsada polo movemento ridiculista. Nós, manifestamos o noso incondicional apoio a todas iniciativas encamiñadas á promoción, divulgación e reivincación de todo o deporte galego, con recoñecemento oficial e internacional. Porque a selección que representa a nosa nación só é a galega! ●



Iª Asemblea Nacional do MGS

Baixo o lema “Fortalecer o soberanismo e a esquerda”, o MGS celebrou o pasado 26 de maio a súa 1ª Asemblea Nacional. A nosa organización política de referencia reuniu a súa militancia nun momento de consolidación e medre organizativo, co fin de adaptar a súa formulación organizativa e ideolóxica á súa realidade e ao novo momento político.

Ademais de valorar o traballo dos últimos anos e de aprobar os seus estatutos, adecuados á súa condición xa formal de partido revolucionario, os debates centráronse entre outras cuestións en analizar unha situación política marcada pola crise do capitalismo e a plena vixencia da alternativa socialista; o papel do BNG neste contexto (onde xa foi recoñecido formalmente o MGS como un dos seus partidos integrantes) ou o importante traballo a desenvolver no sindicalismo nacionalista representado pola CIG.

A conclusión central da Asemblea, á que adherimos plenamente desde Isca!, foi a necesidade, neste momento histórico, de afortalar desde as nosas propias posicións o espazo político e o discurso soberanista e de esquerda, o único que

pode dar resposta aos descarnados ataques do capital e pode articular de xeito unitario unha necesaria vía de ruptura con España e co capitalismo, para o cal o papel do BNG como ferramenta frentista e unitaria tórnase imprescindible. ●



Imaxe do acto de clausura da AN do MGS, que contou coa intervención dunha representante de Isca!

Venezuela: hai outro camiño

Europa e a América Latina foron históricamente polos antagónicos nun esquema de dependencia colonial que se agudizou co xurdimento dun sistema mundo de capitalismo global e depredativo. Mentre as élites político-económicas do primeiro continente, ante o pulo que a fin da II Guerra Mundial deu ao avance dos movementos socialistas no leste, xogaron as súas cartas na extensión dun chamado “Estado do Benestar”, as do segundo, subsidiarias e dependentes do capital internacional e dos ditados dos gobernos dos países capitalistas desenvolvidos, condenaron á miseria e o subdesenvolvemento ás maiorías sociais dos seus respectivos estados. Foi entón cando, cumpríndose as teses leninistas sobre o imperialismo, a Revolución atopou o seu terreo máis propicio no elo máis feble da cadea, América Latina: as triunfantes guerrillas de Cuba e Nicaragua e a guerra prolongada na Colombia dan boa mostra diso.

Consecuencia da tradición loitadora que os devanditos feitos inspiraron na América Latina, hoxe son varios países deste espazo xeográfico, histórico, lingüístico e económico os que, recollendo a testemuña do campo socialista do século XX e aprendendo dos errores e acertos das experiencias pasadas, erguen unha alternativa económica, política e social ao capitalismo e a dependencia nacional. Os propios movementos, froito da súa dialéctica interna e da experiencia acumulada ao longo de décadas de loita, teñen mudado: se noutrora primou a vía insurreccional e as experiencias do foquismo guevarista, hoxe unha combinación de avance institucional e mobilización de masas pretende, empregando en beneficio do pobo a vía democrático parlamentaria, a construcción do socialismo nesa parte do mundo. É o caso dos gobernos de Bolivia, Ecuador ou Venezuela.



**LOS QUE QUIERAN
PATRIA
VENGAN
CONMIGO**

Que acontece mentres no outro espazo xeográfico mencionado? Europa, e dentro dela a Unión Europea, presenta un panorama desolador. O caso da España é abondo indicativo: mentres masas de traballadores e traballadoras toman as rúas, un goberno monifate do capital europeo e español recorta os dereitos sociais adquiridos ao longo de máis de cen anos de movemento obreiro baixo a ameaza constante á orde dominante por parte do marxismo. Impostos indirectos e inxustos como o IVE aumentan a súa porcentaxe mentres se premia a evasión de capital con amnistías fiscais. Recórtanse as prestacións por desemprego. Condiciónase o futuro da sanidade e do ensino públicos. Todo isto baixo un férreo control policial, unha persecución da disidencia ao estilo dos mellores días do franquismo e a

tipificación penal de prácticas de resistencia pasiva. Nunca tanta razón tivo aquela afirmación de Karl Marx: o Estado moderno é un comité que administra os asuntos comúns da burguesía. E nós, o conxunto das clases populares, non estamos incluídos na folla de ruta da “recuperación económica” máis que como pagadores dunha débeda que non é nosa.

Mentres, na Venezuela afróntase o 7 de outubro un proceso electoral presidencial que pretende afianzar as conquistas da Revolución Bolivariana e garantir a construcción dunha patria socialmente xusta, isto é, socialista, e internacionalmente respectada, isto é, independente. O compaño Hugo Chávez e o Gran Polo Patriótico (GPP, onde se integran o PSUV, o Partido Comunista e outras organizacións da esquerda venezolana) propoñen ao pobo un debate e confronto de ideas que permita a elaboración dun II Plan Socialista da Nación Simón Bolívar. Con ese proxecto, herdeiro do desenvolvido no período 2007-2013, a economía do país pretende a súa evolución desde o actual modelo de capitalismo rendista das exportacións petroleiras a un modelo socialista e produtivo, onde se desenvolva a propiedade social dos factores e medios de producción básicos e estratéxicos. Ademais o GPP busca a extensión dun modelo de democracia participativa que supere o estreito marco do parlamentarismo burgués e permita as maiorías sociais a participación nos beneficios e dirección da economía e governo nacionais. No eido internacional, herdeira da declaración de antiimperialismo que a propia Revolución asumió en 2004, o goberno bolivariano promoverá o fortalecemento do polo socialista americano e do conxunto da América latina, espazo historicamente golpeado polo imperialismo estadounidense por medio de golpes de estado, invasións militares e bloqueos económicos. Ademais, o programa electoral do GPP contempla o respecto polo medioambiente co obxectivo dunha economía sustentábel.

Comparemos, xa que logo, a situación entre a Galiza e a Venezuela. Entre o noso sometemento a un goberno estranxeiro que retira dereitos sociais e outro que os espalla. Entre un goberno español que aproba unha reforma constitucional no Congreso e un venezolano que a somete a referendo. Entre un país onde as condicións de vida materiais das maiorías melloraron en catorce anos e outro onde esas maiorías perden día a día a súa condición de proletariado privilexiado no sistema mundo, até as condicións sociais e laborais de xeracións anteriores. Entre un goberno elixido e revalidado de xeito escrupulosamente democrático e tecnócratas impostos por verdadeiros golpes de estado coma o primeiro ministro italiano.

Nós, como independentistas e revolucionarios galegos, non podemos se non compartir os obxectivos estratéxicos do movemento bolivariano: a Independencia Nacional e o Socialismo na patria propia. Contra a manipulación mediática e a consigna da resignación, o noso ollar posto na América Latina lembranos, e demostra ao mundo, que hai un xeito diferente de afrontar a economía, a organización social e a política da humanidade, e que está en permanente construcción. A única saída xusta, digna e posibel. ●

Venezuela evolúa cara a un modelo socialista e produtivo, onde se desenvolva a propiedade social dos factores e medios de producción básicos e estratéxicos

Avanza a destrucción da nosa riqueza natural

Este comezo do 2012 está a ser, seguindo coa tendencia dos últimos anos, especialmente destrutivo coa diversidade medioambiental da Galiza. Comezamos o ano cun dos maiores desastres naturais que sufríu o noso país desde a catástrofe do Prestige, cando o Parque Natural das fragas do Eume (unha illa de floresta autóctona no océano de eucaliptos do tercio norte do país) foi devorado polas lapas durante días. Este grande incendio calcinou case 800 hectáreas e fixo que moitas galegas e gallegos saíramos ás rúas a reivindicar un maior respecto e protección para os xa de por si poucos espazos protexidos que existen na Galiza, mais non só, tamén para todo o que queda áinda por protexer e por recuperar. Non queda nunha simple casualidade o feito de que haxa un proxecto de instalación dunha mina de extracción de andalucita ás portas do Parque Natural. A política de recortes da Xunta de Galicia non fai outra cousa que agravar esta situación, sumando a redución orzamental á supresión de brigadas e diminución do número de efectivos adicados tanto á prevención como á estinción dos lumes forestais. Este panorama deixa os montes galegos totalmente desprotegidos contra os intereses dos incendiarios para perpetuar a continua destrucción da nosa riqueza forestal. Non só os lumes, neste ano as agresións ao medio natural galego aparecen diversificadas e a elas hai que sumar as continuas agresións que segue a padecer o patrimonio histórico disseminado por toda a xeografía galega: mosteiros, petroglifos, castros, mámoas, etc.

Por outra banda, e tamén cun forte rexemento por parte do pobo galego, comezou a porse en andamento a iniciativa de instalar unha planta de incineración de residuos no Irixo, que viría a estender o modelo Sogama ao sur da Galiza.




Mobilización na Coruña de resposta ao incendio nas Fragas do Eume

Ademais, é preocupantemente grave a cuestión das fumigacións no monte pola perigosidade que ocasionan á poboación urbana e especialmente rural. O Partido Popular está a promover fumigacións indiscriminadas e masivas en plantacións de eucalipto para protexer esta especie. Cómpre lembrarmos, que alén de ser esta unha especie foránea que polo seu carácter invasivo e o seu rápido crecemento arrecuncha á flora autóctona, é tamén unha árbore de rápida e dada combustión, o que lle dá un potencial alarmante de propagación dos lumes forestais.

Este panorama deixa os montes galegos totalmente desprotegidos contra os intereses dos incendiarios

Por se non fose pouco, recentemente a Xunta levou a cabo unha revisión do grao de protección de diversos espazos de importancia natural do país, aprobando a posibilidade de que nos espazos inseridos na Rede Natura 2000 se poida establecer explotacións de cría intensiva de peixes, abrindo a porta a que proliferen por ducias de espazos naturais piscifactorías de todo tipo, tanto nos ríos coma no litoral. ●

iscal! recomenda:



ENVÍA OS TEUS VÍDEOS!

G+Videos.info
video-activismo galego e popular

ultramartíños

Casas Reais, 34 - Compostela



casa das
CRECHAS

Vía Sacra, 3 - 15704 Compostela
Telf. 981576108
www.casadascruchas.com



...Café - Teatro...
Praciña da Algalia de Arriba, 1
COMPOSTELA



Lugo

galería de actividades e campañas



Ademais do traballo que levamos a cabo no seo de Galiza Nova, no movemento estudiantil, e en diversos movementos sociais, Isca! desenvolve diversas campañas e actividades de propaganda, actos públicos, participación en numerosas mobilizaciones, etc.

Aquí podes ver unha recompilación gráfica de parte do noso traballo e material.

Podes ver máis en www.iscagz.org/imaxes



Somos Isca!, unimos mozas e mozos, traballadores/as e estudantes, para transformar o país, porque procurar un futuro digno para a mocidade galega é organizarse desde xa para conseguir unha nación soberana e un cambio radical de sistema cara ao socialismo.

Xa estamos en marcha, estamos a construir desde agora a Galiza ceibe e con xustiza social que avelamos.

Loita con nós!

www.info@iscagz.org

isca!